

## Temas varios tratados na mesa sectorial

### **Coronavirus**

---

Desde a CIG-Ensino insistimos en que é ás administracións, especialmente a sanitaria, mais tamén a educativa, ás que lles corresponde informar correctamente a toda a sociedade e concretamente á comunidade educativa. Debe existir non só unha total transparencia senón tamén unha correcta xestión das indicacións que debemos adoptar por parte de quen traballamos nun centro educativo no que se produce algún caso de contaxio e, por extensión, a todos os colectivos. Así, demandamos que se unifiquen criterios sobre como actuar, tanto no caso de que noso colexio ou instituto teñamos un caso de contaxio como se non.

**Urxe un protocolo que se envíe a todos os centros.**

**É fundamental que se revise como se van a actuar á hora de recoñecemento de permisos do profesorado se se ve obrigado a ausentarse do traballo (deber inescusábel pola tutela dun menor ou pola cancelación de actividades lectivas nos nosos centros). A Consellaría ten marxe de manobra, tamén para mellorar certa improvisación que se está a producir nas zonas máis afectadas neste momento.**

Tamén é importante acompañar aos centros educativos nas decisións a tomar en canto a manter ou non as excursións que se levan a cabo nestas épocas a países como Francia, Italia, Gran Bretaña... e que non

sexan os centros e as familias as que teñan que tomar as decisións e no seu caso asumir os custes da decisión tomada.

**A Dirección Xeral non aclara ningunha novidade e limítase a informar das reunións interdepartamentais nas que se coordina a actuación da Xunta.**

### **Protocolo nos casos de abuso sexual a menores**

---

Tivemos constancia dentro das XVII Xornadas das Mulleres da CIG Ensino que desde a Consellaría non se participou no deseño dun protocolo de actuación nestes casos promovido por instancias xudiciais. É máis, un representante da Consellaría acudiu á primeira reunión e non volveu. É urxente que se revise a normativa (por exemplo, o decreto de convivencia) para poder actuar na prevención e detección destes acosos e na toma de decisións con carácter de urxencia. Como docentes temos que ter ferramentas para atallar casos de acoso ou agresión sexual. **Non responden.**

### **Denuncias de acoso na ESAD**

---

Desde a CIG-Ensino queremos trasladar todo o noso apoio ao alumnado e profesorado na campaña contra o acoso sexual na Escola Superior de Arte Dramática e esiximos que se tomen todas as medidas cautelares para rematar con esa situación, depurando as responsabilidades que correspondan. **Informan de que están a**

espera dun informe da Inspección e que actuarán en consecuencia.

## Clarificación dos permisos de hospitalización e de lactación

**Hospitalización.** Preguntámoslle á Consellaría se ten resposta ao noso escrito demandando a modificación da duración do permiso de hospitalización despois da sentenza gañada pola CIG, pola que se aclara que non se pode reducir o permiso aínda que se produza alta hospitalaria. **A Consellaría confirma que a sentenza así o obriga e que a modificarán en breve.**

**Lactación.** Tamén ao respecto deste permiso preguntamos se van dar unha resposta afirmativa ao escrito que presentamos para que a administración reconsidera a información que estaban proporcionando a docentes que desfrutan o permiso por nacemento con carácter discontinuo ou cando se pide un permiso sen soldo ou unha excedencia. Desde a CIG-Ensino entendemos que as 4 semanas de acumulación por lactación deben gozarse completas aínda que a persoa solicitante non traballe todo o tempo entre o remate do permiso por nacemento (nai biolóxica ou outro proxenitor) e o cumprimento de 1 ano pola crianza. **A Consellaría confirma o cambio e que se van desfrutar as 4 semanas en todos**

os casos descritos (permisos sen soldo, goce discontinuo, excedencia).

## Nepotismo na Consellaría: o enchufe confirmado polo Tribunal Supremo

Pedimos a dimisión da conselleira de Educación e a depuración de responsabilidade pola convivencia nun enchufe confirmado polo Tribunal Supremo.

Denunciamos desde o primeiro momento un escandaloso caso de enchufe á actual directora do MUPEGA e tiveron que transcorrer catro anos para que finalmente se bote abaixo un caso absolutamente impresentábel de nepotismo na administración autonómica: a creación dunha praza inexistente na Escola de Restauración de Bens Culturais de Pontevedra para “colocar” a unha funcionaria docente con destino en Asturias e cuñada de Susana López Abella, naquel momento Secretaria Xeral de Igualdade.

## Outras informacións

### PRAZAS DE ATENCIÓN PREFERENTE.

Agardarán á resolución do CXT para saber se é preciso convocar.

### ORIENTACIÓN DE PRIMARIA.

Tal e como lle solicitamos van actualizar as listas de Orientación coas persoas da última oposición que reúnan os requisitos de titulación.

## OS NÓSOS LOCAIS

### SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

### A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

### BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

### MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

### FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

### LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

### OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

### PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

### VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

### VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

### SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal